

Próximo concerto

5 de abril de 2004


FORUMMETROPOLITANO

MÚSICA DE CÁMARA NO FÓRUM

ANO III - N.º 5



**Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña**

CARMEN CARREIRAS, piano
BLANCA BELLO, viola

**Obras de: Toldrà, Schumann
Falla e Martinů**

ORGANIZA:
AULA DE MÚSICA DE CÁMARA
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
A CORUÑA

MÁS INFORMACIÓN EN:
<http://www.xente.mundo-r.com/musicadecamara>

LUNS, 15 de marzo
20:00 horas

◆ Carmen Carreiras Pita.

Nace en Vilalba, onde comeza os seus estudos musicais no Conservatorio desta vila co mestre A. Fdez. Chao. Posteriormente desprázase ó Conservatorio Superior de Música de Santiago de Compostela obtendo o Título Superior de Piano cos mestres N. Gradaille e R. Castromil e o Título Superior de Música de Cámara co profesor checo D. Sebestik. Realiza estudos de posgrao de piano na Aula Superior de Piano do Conservatorio de Música de Vila-Seca (Tarragona) co pianista cubano C. Tieles e obtén tamén o Título Superior de Solfexo no Conservatorio Superior de Música Liceo de Barcelona.

Acude a cursos de piano con mestres como A. Vega Toscano, L. Stratulat, J. Leygt, M. Carra, A. Cano, J. Achúcarro e A. Gold, así como de Música de Cámara e Improvisación.

Ofreceu numerosos concertos en Galicia e Cataluña, tanto de solista como en agrupacións camerísticas. Dende o ano 2000 forma un dúo coa violista Blanca Bello Sobral.

Actualmente é profesora de Piano no Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

◆ Blanca Bello Sobral.

Naceu en Santiago de Compostela en 1975. Ós sete anos comeza os seus estudos de música no Conservatorio Profesional de Música de Ourense onde se inicia ó violín co mestre D. Néstor Martín. Continúa estudiando nos Conservatorios Superiores de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, onde obtén os títulos Superior de Violín, Superior de Música de Cámara e Superior de Viola con Mención de Honor e onde tamén fai estudos de contrapunto e óboe.

Entre 1993 e 1995 é violinista na Xoven Orquestra de Galicia, dirixida polo mestre D. Xoán Trillo. Entre 1995 e 1998 é violinista na Orquestra Xoven da Orquestra Sinfónica de Galicia dirixida por James Ross, e na actualidade segue participando en dita formación pero como violista. Outras agrupacións coas que colaborou son a Banda Municipal de Lalín, Orquestra Clásica de Vigo, Joven Orquestra Nacional de España e Orquestra Sinfónica de Galicia.

Realizou cursos de violín e viola con mestres como Evelio Tieles, David Quiggle, Ángel Sampedro, Sergio Castro e Luis Muñiz, e de dirección coral con Fernando Eldoro e Javier Busto.

Foi profesora de violín no Conservatorio Municipal de A Estrada. Na actualidade é profesora de música no Instituto de Ensino Secundario Pintor Laxeiro en Lalín, pertence ó cuarteto de corda Disonarte, co que dá numerosos concertos por Galicia e forma un dúo de viola e piano con Carmen Carreiras Pita.

PROGRAMA

E. TOLDRÀ (1895-1962)	<i>La Font</i>
R. SCHUMANN (1810-1856)	<i>Märchenbilder op. 113</i>
	I. Nicht schnell
	II. Lebhaft
	III. Rasch
	IV. Langsam, mit melancholischem Ausdruck

M. de FALLA (1876-1946)	<i>Melodía</i>
	<i>Romanza</i>

B. MARTINŮ (1890-1959)	<i>Sonata N.º 1, H. 182</i>
	• Poco andante – Moderato - Tempo I - Poco meno
	• Andante non troppo - Poco meno - Allegro - Poco meno - Poco piú meno - Moderato (Andante) - Poco vivo - Tempo I - Poco meno